


ESTIMULAR A LINGUAXE NA CORENTENA



AUDICIÓN E LINGUAXE



Proposta de actividades para traballar a comprensión e expresión oral da linguaxe

- Reproducir cancións que impliquen movementos, ritmos, imitacións...
- Lectura de contos: a medida que lemos con eles, podemos estimular a comprensión con preguntas como Quen? onde? como? cando?. Ademais, podemos aproveitar as ilustracións para nomear vocabulario, realizar descricións, construír frases, etc.
- Narración de actividades cotiás.
- Representar una historia con monicreques. Senón dispoñedes deles podemos aproveitar e crealas con calcetíns ou accesorios de refugallo.
- Xogo da cadea de palabras: casa- sapo
- Elaborar e decorar unha caixa máxica(caixa de zapatos ou similar): facer un burato para que os nenos podan meter a man e nela e introducimos obxectos ou tarxetas. Logo, teñen que sacalos de un en un nomeándoos, describíndoos ou clasificándoos atendendo a características comúns.
- Xogo de Simón di: unha persoa fai o papel de Simón e terá que dicir ordes que comeza coa frase: "Simón di...salta e tócate a cabeza", as ordes adecúanse as idades dos nenos.
- Que son? Xogo de adiviñas, onde un xogador coloca unha tarxeta na fronte e ese mesmo ten que realizar preguntas a outro ata adiviñar que personaxe animal ou obxecto ten na cabeza.
- Adiviñar o obxecto ou palabra: un xogador pensa ou agacha un obxecto, logo, por quendas, comezan a facer preguntas ata adiviñar cal é o obxecto. As respostas serán SI ou NON.
- Preparar unha receita en familia, nomeando ingredientes, utensilios, organizando os pasos, seguindo instrucións e por suposto probando!
- Con revistas ou catálogos de supermercados podemos recortar e preparar listas da compra, menús, clasificación de produtos por comercios, etc.

Traballar as habilidades metalingüísticas

A habilidade metalingüística é a capacidade de reflexionar sobre a lingua para analizar os seus compoñentes e estruturas: os fonemas, as sílabas, as palabras e as oracións. Estas actividades favorecen a adquisición da lectura e escritura. Ademais, favorecen a correcta discriminación e emisión dos distintos fonemas que constitúen a fala.

CONCIENCIA LÉXICA

- Contar palabras : partir dunha imaxe para crear unha frase, despois a separamos en palabras asociando cada palabra a un movemento ou imaxe.
 - Pegar gomets por cada palabra.
 - Debuxar unha raia ou círculo por cada palabra.
 - Dar palmada ou golpe na mesa por cada palabra.
 - Dar un salto por cada palabra.
 - Colocar un tapón por cada palabra.
- Inventar frases de dúas, tres ou catro palabras.

CONCIENCIA SILÁBICA

- Contar sílabas. Pódese empregar o mesmo método que para contar palabras.
- Engadir ou eliminar sílabas das palabras: zapato- pato
- Clasificar imaxes que comeza coa mesma estrutura silábica.
- Evocar palabras con unha estrutura silábica dada ou un determinado número de sílabas.
- Asociar palabras que teñen a mesma sílaba final. Rimas

CONCIENCIA FONÉMICA

- Veo- veo: buscar obxecto que comece por...
- Identificar debuxos que comece ou rematen por un determinado fonema.
- Comparar palabras que comece ou rematen con igual fonema.

ACTIVIDADES ONLINE

Cancións con movementos

<https://www.youtube.com/user/TamaraChubarovsky>

Contos

<https://www.youtube.com/user/BeatrizMontero>

Vídeos de Youtube de Eugenia Romero: traballa vocabulario, comprensión, atención y habilidades metalingüísticas.


<https://www.youtube.com/user/blogmaestrosal>

Siembra estrellas: blog onde podedes atopar infinidade de power points interactivos para traballar as habilidades metalingüísticas.

<http://siembraestrellas.blogspot.com/>

APPS

SILABANDO



MY PLAYHOME



i SECUENCIAS



EL BUHO BOO
ANIMALITOS



HABLANDO CON NOK

